



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Bases para a concesión de axudas destinadas á adquisición de equipos informáticos para alumnos/as de centros docentes sostidos con fondos públicos da localidade para familias afectados pola covid-19

ANUNCIO

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos en data 25 de agosto de 2022 e o decreto de corrección de erros de 01.09.2022, aprobáronse as “BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO OU EDUCACIÓN ESPECIAL DE CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA LOCALIDADE PARA FAMILIAS AFECTADOS POLA COVID-19” financiadas coa achega provincial POS+adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO OU EDUCACIÓN ESPECIAL DE CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA LOCALIDADE PARA FAMILIAS AFECTADOS POLA COVID-19,

PRIMEIRO. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión, polo concello de Betanzos, das axudas para a adquisición de equipos informáticos dirixidas as familias máis vulnerables do municipio, con fillos e fillas matriculados en centros educativos da localidade nos que se impartan ensinanzas de educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial, de centros docentes da localidade sostidos con fondos públicos., financiadas coa achega provincial POS+adicional 1/2022, para gastos sociais extraordinarios.

Para paliar as consecuencias que esta crise sanitaria tivo nos escolares e corraxir o acceso desigual ás novas tecnoloxías e ao material dixital imprescindible nese período, o Concello acordou o establecemento dunha liña de axudas destinadas a financiar a adquisición de dispositivos dixitais, coa finalidade de que ese acceso sexa equitativo e igualitario e estea aberto ás familias con menores en idade escolar que curse estudos en centros educativos da localidade.

Con estas axudas pretende compensarse ás familias afectadas pola Covid-19 facendo fronte aos gastos derivados da escolarización das/dos seus fillas/os, entendendo por tales a adquisición de dispositivos dixitais (ordenadores portátiles, ordenadores de sobremesa).

SEGUNDO. Finalidade da axuda

Estas axudas pretenden acadar os seguintes obxectivos:

- Promover a necesaria igualdade de oportunidades entre o alumnado betanceiro, para acceder en igualdade de condicións ao material didáctico dixital.
- Garantir o acceso de todas as familias do Concello ás novas tecnoloxías dotándoas do material necesario e o equipamento que faga posible diminuír a fenda dixital.
- Reducir a vulnerabilidade tecnolóxica xerada durante a pandemia entre os escolares do Concello, facilitando a adquisición de equipos informáticos.

TERCEIRO. Gasto subvencionable

Só se subvencionará a compra do seguinte equipamento informático:

- Ordenadores portátiles.
- Ordenadores de sobremesa.

Subvencionarase a compra dos anteriores dispositivos dixitais que fose realizada e pagada entre o período subvencionable desta convocatoria.

CUARTO. Crédito orzamentario e contía das axudas

1. A contía individual da axuda será de 500,00 (cincocentos) euros por unidade familiar que reúna os requisitos establecidos, co límite do custe do dispositivo dixital, de xeito que en ningún caso poderá concederse unha axuda por importe superior ao prezo do equipo informático que se subvenciona.

As axudas concedidas abonaranse de acordo coa normativa orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 231/4800 e ata un importe de 20.094,06 €.

2. Só se concederá unha axuda por unidade familiar.

3. A prioridade de concesión das axudas determinarase en función do menor resultado de aplicar a seguinte fórmula: ingresos da unidade de convivencia / contía límite de ingresos da unidade de convivencia.

4. As axudas teñen un carácter finalista e van destinadas a facilitar medios para facer fronte ás consecuencias da crise provocada pola COVID-19 e a paliar o seu impacto económico e social sobre as familias en situación de vulnerabilidade.

QUINTO. Forma e lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. Solicitudes:

A presentación de solicitudes segundo modelo oficial presentaráse preferentemente a través da sede electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>

Para utilizar a sede electrónica é preciso dispoñer de Certificado electrónico, ou DNI electrónico, ou Cl@ve PIN, ou Cl@ve permanente.

Excepcionalmente as persoas que acrediten que non contan cós medios necesarios para realizalo por esta vía, poderán contactar cós servizos sociais.

Poderán presentar solicitudes as nais, pais, titores/as ou representantes legais do alumnado utilizando o modelo de solicitude oficial facilitado polo Concello .

A solicitude deberá estar asinada pola nai, pai, titor/a ou representante legal do alumnado e polo resto dos membros maiores de idade que formen parte da unidade familiar de convivencia.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados.

2. Documentación que se deberá achegar:

· Solicitude: Anexo

· Fotocopia do libro de familia.

· Certificado do centro escolar no que se cursen os estudos, acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2021-2022 en educación primaria e educación secundaria obrigatoria bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial.

· Certificado da conta bancaria do solicitante da axuda: nais, pais, titores/as ou representantes legais do alumnado.

· De ser o caso, xustificación de estar afectado/a por un ERTE ou, no caso de autónomos, xustificante de cese de actividade ou redución de ingresos en máis dun 75%.

· De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento colectivo.

· Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

· Declaración responsable de non atoparse incurso a persoa solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións .A declaración poderá ir asinada pola persoa solicitante ou representante legal, pai, nai ou titor.

· Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, co concello de Betanzos e a Seguridade Social. Na solicitude o interesado autoriza ao Concello a consultar o cumprimento deste apartado.

De non facelo, deberá o interesado aportar as certificacións acreditativas oportunas, de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o concello de Betanzos, e sempre que tecnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio concello de Betanzos, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada , debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, aportando as certificacións acreditativas oportunas.

- Declaración da persoa solicitante da subvención na que consten as subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas. A declaración poderá ir asinada pola persoa solicitante ou representante legal, pai, nai ou tutor.

- No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base nos artigos 28 lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso-

Atendendo o principio de interoperabilidade os cidadáns non teñen que achegar os datos e documentos que obren en poder das Administracións Públicas, as cales utilizarán medios electrónicos para solicitar dita información sempre que, no caso de datos de carácter persoal, cóntese co consentimento dos interesados establecidos pola Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ou unha norma con rango de Lei así o determine, salvo que existan restricións conforme a normativa de aplicación aos datos e documentos solicitados. O citado consentimento poderá emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

- No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder do Concello, o solicitante, sempre que non transcorran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, poderá facer uso do seu dereito a non presentalo, facendo constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou emitidos.

O Concello poderá establecer nas bases específicas de cada convocatoria as instancias tipo para a presentación da solicitude. Como anexo establécese un modelo de instancia tipo.

- Calquera outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.

3. Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será de trinta días naturais a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, ata as 23:59:59 horas do último día do prazo.

SEXTO. Requisitos das persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.

b) Estar empadroadado/a no concello de Betanzos tanto o/a alumno/a como a persoa solicitante da axuda e convivir no mesmo domicilio. O empadramento e convivencia comprobarase de oficio.

c) Que o alumnado para o que se solicita a axuda estivese matriculado no curso 2021-2022, en educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial dun centro da localidade.

d) Estar en situación de vulnerabilidade económica considerando isto cando o conxunto dos ingresos do ano 2021 dos membros da unidade de convivencia non superen, con carácter xeral 2 anualidades do IPREM vixente

Este límite ampliarase a 2,5 anualidades do IPREM vixente no caso de grupos de familias de especial consideración: familias numerosas, familias monoparentais, familias con persoas maiores ao cargo, familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias acolledoras e familias vítimas de violencia de xénero.

Os ingresos da unidade de convivencia calcularanse sumando a base impositiva xeral e a especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2021 de todos os membros da familia.

Con carácter excepcional, as persoas afectadas por ERTE ou, no caso de autónomos ou réximes especiais que cesaran a súa actividade ou reduciran os ingresos en máis dun 75%, poderán solicitar que se teña en conta a súa situación económica actual.

e) Os titulares das axudas deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, coas facendas Públicas e coa Seguridade Social; e non poden ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello.

f) Que ningún membro da unidade de convivencia fora beneficiario da axuda, na convocatoria polo mesmo concepto do pasado ano.

SÉTIMO. Procedemento de concesión e requirimentos de emenda. Resolución.

1. Se a solicitude presentada non reunise os requisitos esixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Sen prexuízo do disposto nos punto anterior, a persoa solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. A resolución estimará, desestimaré ou declarará a inadmisión da axuda para a adquisición de equipos informáticos. A resolución de concesión conterá unha relación das solicitudes na que figuren as axudas concedidas sinalando a axuda que corresponda a cada persoa beneficiaria e as axudas denegadas, facéndose constar o motivo da denegación. A lista realizarase por orde inversa á contía dos ingresos da unidade familiar, de menor a maior, ata esgotar o crédito dispoñible para esta convocatoria.

A subvención que se outorgue será incompatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade, isto é, para adquirir equipos informáticos para a súa utilización polo alumnado ao que se refire a axuda.

OITAVO.- Pagamento e xustificación das axudas

A xestión orzamentaria das axudas recollidas nas presentes bases farase desde Intervención municipal, emitindo a correspondente orde de pago e transferencia á partida destinada a este fin e co límite de créditos consignados nas mesmas.

Logo de ver a natureza da subvención, constitúe un suposto de pago anticipado contemplado no artigo 34.4 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Isto suporá a entrega dos fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

En virtude do establecido no apartado 2 letra b) do artigo 42 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, quedan exonerados da presentación das garantías polo importe das axudas concedidas ao tratarse de subvencións inferiores a 3.000,00€, salvo nos supostos establecidos no apartado 3 do artigo 42 RD 887/2006.

As persoas beneficiarias das axudas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á exposición da listaxe definitiva, se lles efectuará un ingreso en conta mediante transferencia bancaria, conta bancaria previamente adxuntada coa solicitude.

Ingresado o importe, están obrigadas a presentar a conta xustificativa da mesma e disporán dun prazo máximo de 15 días naturais para xustificar mediante factura- o gasto.

A conta xustificativa poderá facerse de xeito presencial nas dependencias municipais de servizos sociais, ou por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá na sede electrónica do Concello.

A acreditación do gasto mediante as facturas deberán cumprir cos requisitos regulamentarios establecidos, onde deben figurar as especificacións técnicas dos equipos, o concepto "Adquisición equipos informáticos para familias afectadas pola Covid-19", estarán datadas no período subvencionable, e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

O importe da axuda deberá ser utilizado en calquera comercio informático da localidade, en aras de impulsar o comercio local, e exclusivamente a efectos de adquisición de equipos informáticos para alumnado de centros escolares da localidade afectados pola Covid-19.

O importe total de cada axuda só poderá ser utilizado nun establecemento.

No caso de que no prazo establecido para a presentación da conta xustificativa da subvención esta non fose presentada pola persoa interesada, o órgano xestor requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de 15 días achegue a xustificación. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado dará lugar automaticamente á perda do 10% da contía concedida. A falta de presentación da xustificación no prazo adicional concedido conlevará a perda total do dereito ao cobro e a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na normativa das subvencións públicas.

NOVENO. Aceptación das obrigas das persoas beneficiarias

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 10 días á comunicación da concesión ou da súa publicación, as beneficiarias non manifestan nada en contra. Quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para os que foron concedidos, nos termos establecidos na resolución de concesión da axuda.

Serán obrigas da beneficiaria: a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, que para esta convocatoria consiste na compra dos equipos informá-

ticos para a súa utilización polo alumnado destinatario das axudas, nas condicións e coa finalidade prevista nas bases.

b) Coidar os dispositivos adquiridos coa debida dilixencia e conservar a súa propiedade por un prazo mínimo de dous anos.

c) Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

d) Comunicar calquera alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas.

e) Comunicar ao Concello as axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración ou entidade pública o u privada.

f) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Concello, a quen corresponderá a comprobación destas axudas e facilitar a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida nos supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei Xeral de Subvencións e 32 e 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

h) No caso de non ser quen de realizar a actuación para a que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo para realizar a actuación.

i) As demais obrigas que resulten do artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Anexo: Solicitud

AXUDAS EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA ALUMNADO DE CENTROS DOCENTES DA LOCALIDADE PARA FAMILIAS AFECTADAS POLA COVID-19 (SOLICITUDE)			
DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A			
NOME E APELIDOS:			
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE			
NOME E APELIDOS:			
DNI/NIF:		TELEFÓNO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN			
<input type="checkbox"/> POSTAL <input type="checkbox"/> TELEMÁTICO			
A persoa interesada ou representante declara:			
<p>1. Que todos os datos da solicitude son certos.</p> <p>NON se recibiron outras axudas na unidade familiar.</p> <p>SI se recibiron outras axudas: Contía solicitada Axuda concedida Organismo.....</p> <p>• Que non se atopar incursa a persoa solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.</p> <p>• Autorizo ao Concello de Betanzos a que consulte as obrigas coa AEAT e da CC.AA, a Seguridade Social e co Concello de Betanzos, así como o empadramento.</p>			
Documentación que se achega:			
<input type="checkbox"/> Certificado do centro escolar do alumnado matriculado no curso 2021-2022			
<input type="checkbox"/> De ser o caso, xustificación de estar afectado/a por un ERTE ou, no caso de autónomos, xustificante de cese de actividade ou redución de ingreso en mais dun 75%.			
<input type="checkbox"/> Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular			
<input type="checkbox"/> Fotocopia do libro de familia.			
<input type="checkbox"/> Xustificante de empadramento colectivo (só no caso de non autorizar a consulta).			
<p>Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través da redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.</p> <p>Nome ou dato da documentación:</p> <p>Motivación:</p>			

<input type="checkbox"/> Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.		
Responsable	Concello de Betanzos	
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.	
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;	
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.	
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional	
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal	
LUGAR	DATA	SINATURA
<p>O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.</p>		

Betanzos, 1 de setembro de 2022

A alcaldesa

María Barral Varela

2022/5482